# AUTOINFORME DE SEGUIMENTO

# MÁSTER INTERUNIVERSITARIO EN PATRIMONIO CULTURAL DIXITAL

## OBXECTO: Curso Académico 2023-2024

- Datos da universidade e do título obxecto de seguimento
- Cumprimento do proxecto establecido
  - Dimensión 1. A xestión do título
    - Criterio 1. Organización e desenvolvemento
    - Criterio 2. Información e transparencia
    - Criterio 3. Sistema de garantía de calidade
  - Dimensión 2. Recursos
    - Criterio 4. Recursos Humanos
    - Criterio 5. Recursos materiais e servizos
  - Dimensión 3. Resultados
    - Criterio 6. Resultados de aprendizaxe
    - Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento
- Modificacións do plan de estudos
- Listaxe de evidencias e indicadores

| 1. DATOS DO TÍTULO | |
|---|---|
| Denominación do título | Máster Interuniversitario en Patrimonio Cultural Dixital |
| Mencións/Especialidades | ---- |
| Universidade responsable administrativa | Universidade de Santiago de Compostela |
| En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s | Universidade de Santiago de Compostela<br>Universidade da Coruña |
| Centro responsable | Facultade de Xeografía e Historia |
| Centro/s onde se imparte | Facultade de Xeografía e Historia |
| Rama de coñecemento | Artes e Humanidades |
| Número de créditos | 90 ECTS |
| Profesión regulada | Non |
| Modalidade de impartición | presencial |
| Curso de implantación | 2023 |
| Data acreditación ex ante (verificación) | 18/07/2023 |
| Data renovación acreditación | ---- |

## 2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

### DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

### CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

**Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.**

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

**1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.**

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O Máster Universitario en Patrimonio Cultural Dixital (MPCD) da Universidade de Santiago de Compostela constátase dende a súa primeira edición como unha titulación de referencia dentro do seu ámbito, xa non a nivel do Sistema universitario Galego, senón nunha consideración a nivel peninsular. A formación en Patrimonio Cultural Dixital é clave para garantir a preservación e accesibilidade do patrimonio na era dixital. O Patrimonio Cultural Dixital abrangue todos aqueles bens culturais que foron dixitalizados ou que naceron en formato dixital. Isto inclúe desde documentos históricos escaneados ata reconstrucións en 3D de xacementos arqueolóxicos e experiencias inmersivas de museos. A dixitalización permite preservar información inestimable ante riscos como o deterioro físico, os desastres naturais ou a obsolescencia tecnolóxica. A formación neste eido é crucial porque proporciona aos profesionais ferramentas e coñecementos para traballar con metodoloxías dixitais avanzadas. Sen un coñecemento axeitado nestes procedementos, a xestión do patrimonio enfróntase a problemas de fragmentación, acceso restrinxido e perda de información valiosa.

**INTERESE ACADÉMICO:**

No seu **interese académico**, a puxanza do título ven dada dende as súa primeira matrícula e o interese xerado dende un primeiro momento. No ano do presente autoinforme de seguimento a oferta de prazas foi de 25 das cales 13 corresponden á USC (IN01M). Para esas 13 prazas recibíronse 31 solicitudes, que tras o proceso de selección cubriron a matrícula correspondente (IN02M) e elo arroxa una taxa de ocupación do 100% (IN12M).

| | 2023-24 |
|---|---|
| **Total IN02M** | **13.00** |

Do mesmo xeito os grupo de estudiantes, no seu conxunto, completaron na totalidade a matrícula de novo acceso por preinscrición (IN03M, IN04M). E no seu conxunto as solicitudes deixan una nota media de acceso por preinscrición dos estudantes que inician estudos de notable (IN05M).

| | 2023-24 |
|---|---|
| **Total IN05M** | **7.28** |

A relevancia do título tamén se reflicte na súa capacidade para dar resposta aos requirimentos da profesión. O

crecemento da demanda de especialistas en patrimonio dixitalizado fai que o máster sexa unha opción enormemente atractiva para aqueles que desexan desenvolver unha carreira profesional neste ámbito e nun eido formativo do que o título é pioneiro na Península Ibérica. A alta taxa de cobertura das prazas ofertadas confirma o interese crecente na disciplina e a consolidación do máster como unha das principais opcións formativas neste campo en España.

**ACTUALIZACIÓN DO TÍTULO:**

Na **actualización nos requisitos da disciplina**, a través da capacitación en ferramentas tecnolóxicas, estratexias de xestión e difusión, e a comprensión dos desafíos éticos e legais, a educación neste ámbito asegurará que a dixitalización do patrimonio sexa un proceso inclusivo, accesible e sustentable. Neste sentido a estrutura e contidos do máster amosa una actualización evidente para responder aos avances tecnolóxicos, científicos e ás necesidades do sector, garantindo así unha formación de calidade que combina innovación e rigor académico. O programa formativo deseñado na memoria de verificación para ofrecer unha formación avanzada en técnicas dixitais aplicadas á xestión, conservación e difusión do patrimonio cultural, foi mantido e desenvolvido sen alteración no ano obxecto do autoinforme.

Aspectos concretos a salientar:

a) A totalidade dos alumnos matriculados neste primeiro ano de título o fixeron na totalidade dos créditos ofertadas sen solicitudes de cursado do título a tempo parcial. E na totalidade de matriculados non se rexistraron baixas na matrícula.
b) A docencia se imparte en galego e castelán, sen incidencias e grazas ás accións de mellora e potenciación do idioma galego que se realizan tanto para o alumnado como para o profesorado.
c) O desenvolvemento práctico do título conta co apoio de institución varias que, en instancias diversas, ofrecen respaldo e fornecen Eidos da formación, xa no caso de institucións públicas, como Xunta de Galicia e nela a Consellería de Cultural, Cidade da Cultura de Galicia, arquivos públicos (Arquivo do Reino de Galicia), ou a Conferencia de Rectores de las Universidades Sur de Europa (Red Crusoe), como algún dos principais grupos privados e de xestión da comunidade, como o clúster TIC de Galicia, o clúster Audiovisual, e empresas punteiras do sector coma NTT Data, Xercode ou Possible Inc.

Todo o anterior garante a relevancia e actualización segundo os requisitos do ámbito académico, científico e profesional e considerando como primordiais as necesidades e requisitos da profesión regulada.

E de feito, este conxunto de elementos, competencia formativa e de contidos do título científico, académico e profesional foi posta de relevancia coa **obtención do premio a "Mellor iniciativa formativa de 2023"** que outorga a ASOCIACIÓN HUMANIDADES DIGITALES HISPÁNICAS, na súa VI Edición de los Premios HDH (https://humanidadesdigitaleshispanicas.es/resolucion-de-la-vi-edicion-de-los-premios-hdh/)

**1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.**

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

No curso académico obxecto do presente informe, primeiro do título, o MPCD cumpriu estritamente coa planificación establecida na súa memoria de verificación en canto á **oferta tanto de módulos** coma de materias. A estrutura académica do programa mantense fiel ao deseño orixinal, garantindo que os contidos impartidos reflictan os obxectivos formativos e as competencias específicas que se pretenden alcanzar. Ademais, a revisión anual da programación permite axustar as materias ás necesidades emerxentes do sector, sen comprometer a coherencia da oferta formativa nin os requisitos fixados na memoria de verificación.

As **metodoloxías docentes** empregadas no máster seguen os principios didácticos e estratexias de aprendizaxe detallados na memoria de verificación. A combinación de sesións expositivas, talleres prácticos, estudo de casos e proxectos individuais e grupais asegura unha formación equilibrada entre teoría e práctica. Así mesmo, os sistemas de avaliación e cualificación son aplicados conforme aos criterios preestablecidos na devandita memoria, garantindo transparencia e rigor no proceso de aprendizaxe. O tamaño do grupo único, con 14 integrantes nesta primeira edición, e nel con 13 alumnos en Santiago de Compostela, é axeitado para as dinámicas formativas, permitindo un seguimento próximo do alumnado e facilitando a interacción cos docentes.

De xeito complementario á docencia ao longo do curso 2023-24 foron desenvoltos diversos por membros da comunidade tanto académica coma docente e profesional, financiadas co orzamento competitivo da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización da USC coma "accións de promoción e mellora dos mestrados".

VICERREITORÍA DE TITULACIÓNS E INTERNACIONALIZACIÓN

**ANEXO I: Solicitude de financiamento**

**Accións de mellora de másteres oficiais da USC (2023)**

**Denominación do máster:** Máster en Patrimonio Cultural Dixital

**Centro docente:** Facultade de Xeografía e Historia

**Denominación da acción:** Fornecemento específico da docencia dende áreas externas e empresariais.

**Descrición da acción (desagregada en sub-accións, de ser o caso):**

-Financiamento de sesións formativas e/ou docentes, enmarcadas en materias concretas e de especificidade marcada, qu serán impartidas por capital procedente de áreas externas e empresariais, de cara ao desenvolvemento de obxectivos concretos da memoria de título, como a formación de cara a actividades relacionadas co patrimonio cultural dixital que combinen a experiencia da empresa privada coas institucións públicas que se adican dedican ou poden adicar ao seu tratamiento. Proposta para eidos coma o legal e lexislativo e torno ao patrimonio cultural dixital, dende a perspectiva teórica, práctica, pública e privada.

Como desagregación de subaccións constan:

-Aboamento de retribución para os/as participantes implicados/as, en desenvolvemento de ponencias e/ou sesións docentes de exposición e réplica.

-Aboamento de custos derivados de desprazamento ou estancia, si for o caso.

**Prioridade (no caso de presentar varias solicitudes):**
[ X ] Primeira [ ] Segunda [ ] Terceira

**Tipo da acción:** [ ] Charlas [ ] Visitas [ ] Prácticas [ ] Transversais [ X ] Docencia [ ] Material [ ] Estudantes [ ] Emprego [ ] Egresados/as [ ] Difusión e Captación

**Financiamento solicitado, desagregado por tipo de gasto facturable:**

600 €

Computables todos eles ao abonamento de intervencións formativas e/ou docentes no marco da descrición devandita.

**Accións relacionadas, en caso de financiamento conxunto entre varios másteres:**

--

**Melloras esperadas da realización da acción:**

-Maior profundidade formativa dende cuestións de especial especificidade en relación coas áreas externas e empresariais, i en actividades relacionadas co Patrimonio Cultural Dixital.

-Profundamento no sentido crítico do alumnado sobre a visión múltipla, a través do desenvolvemento de ponencias e/ou sesións docentes de exposición e réplica, na mesma materia.

-Fornecemento da innovación na metodoloxía docente e formativa do máster dende unha das súas

Páxina **1** de **2**

VICERREITORÍA DE TITULACIÓNS E INTERNACIONALIZACIÓN

**ANEXO I: Solicitude de financiamento**

**Accións de mellora de másteres oficiais da USC (2023)**

**Denominación do máster:** Máster en Patrimonio Cultural Dixital

**Centro docente:** Facultade de Xeografía e Historia

**Denominación da acción:** Xornada formativa de apertura do Máster en Patrimonio Cultural Dixital .

**Descrición da acción (desagregada en sub-accións, de ser o caso):**

-Financiamento dunha sesión inicial formativa e pública do máster, actuando como apertura de curso, impartida por un especialista e/ou profesional na materia, con experiencia no eido da creación, investgiación ou reflexión en torno al Petrimonio Cultural Dixital.

Como desagregación de subaccións constan:

-Aboamento de retribución para os/as participantes implicados/as como ponente/s na sesión.

-Cargo a custos de desprazamento en caso de ser preciso.

**Prioridade (no caso de presentar varias solicitudes):**
[ ] Primeira [ X ] Segunda [ ] Terceira

**Tipo da acción:** [ X ] Charlas [ ] Visitas [ ] Prácticas [ ] Transversais [ ] Docencia [ ] Material [ ] Estudantes [ ] Emprego [ ] Egresados/as [ ] Difusión e Captación

**Financiamento solicitado, desagregado por tipo de gasto facturable:**

600 €

Computables todos eles á financiación da participación do ponente en cuestión.

**Accións relacionadas, en caso de financiamento conxunto entre varios másteres:**

--

**Melloras esperadas da realización da acción:**

-Inicio formativo impartido por un especialista de recoñecemento no eido do Patrimonio Cultural Dixital, que pfreza unha visión particular e personal do camiño que se está a iniciar no máster.

-Fornecemento da innovación na metodoloxía docente e formativa do máster dende unha das súas características: a multidisciplinariedade, en torno á compoñente patrimonial e tecnolóxica, atraendo a participación de capital externo.

-Recoñecemento público da activiadade formativa e do máster,a través da publicitación e apertura da sesión.

Páxina **1** de **1**

En concreto se desenvolveron as seguintes actividades:

**1. Sesión inaugural**:

- Rafael Mª Rodríguez Martínez (Arqueólogo de la Diputación de Pontevedra) "Redes, difusión e divulgación para un Patrimonio Cultural no dixital", en 30/10/2023.

**2. Seminarios formativos de especialización:**

- "Sesión interactiva sobre tecnoloxías dixitais aplicadas ao Patrimonio Cultural". Por Miguel Calvo, CEO da empresa galega Xercode Media Software S.L, en 14-15/12/2023.
- "Aspectos jurídicos sobre propiedad intelectual". Por José Manuel Sendín, de Sistemius (bufete abogados especialista en IPR), en 17-18/10/2023.
- "Nunha nova lexislación do mundo dixital (I)", María del Carmen Calviño (Xunta de Galicia): outubro 24-25, 2023.
- "Nunha nova lexislación do mundo dixital (II)", por Jesús Pasandin, de NERUS Abogados (bufete especializado en xestión e procedimentos admon. en Patrimonio): outubro 31 e 4 novembro, 2023.
- "Constitución de Sociedades" por Simón Beceiro, de Garrigues (bufete líder mercantil en España), 07-08, novembro, 2023.

**3. Workshops:**

- "Proyectos de digitalización en Galicia: desde los primeros pasos hasta la configuración de Galicina - Biblioteca Dixital de Galicia. El fututo del patrimonio digital patrimonial en la web: Grafo de conocimiento de la Revista Nós", por Noelia Bascuas Ferreiro (Biblioteca de Galicia, XuGa), en 09/11/2023.
- "Preservación del patrimonio digital: El repositorio de Memoria Dixital de Galicia", por Concepción García García (Arquivo Dixital de Galicia, XuGa), en 09/11/2023.







Máster Interuniversitario
Patrimonio Cultural Digital

**SESIÓNS INAUGURÁIS DO MESTRADO EN PATRIMONIO CULTURAL DIXITAL**
**"NUNHA NOVA LEXISLACIÓN DO MUNDO DIXITAL"**

Outubro/Novembro 2023

**Intervencións**

*Sistemius (bufete abogados Legaltech):* outubro 17-18 (4h)

*María del Carmen Calviño (Subdirectora Xeral de Arquivos da Xunta de Galicia e directora de Galiciana. Arquivo Dixital de Galicia):* outubro 24-25 (4h)

*NERUS Abogados (bufete abogados especialista gestión procedimientos administración en Patrimonio):* outubro 31 (2h)

*Garrigues (bufete líder mercantil en España):* novembro 07-08 (4h)

*Rafael Mª Rodríguez (Deputación Pontevedra):* Peche de materia - novembro 14.

**MOBILIDADE:** Nesta primeira edición do máster, non se rexistraron solicitudes nin participación en programas de mobilidade. A ausencia de estudantes interesados nesta opción pode estar relacionada co carácter específico do programa e coa súa metodoloxía, que require unha presenza continuada para o desenvolvemento das actividades prácticas e proxectos. No futuro, poderían explorarse accións de divulgación e convenios con outras institucións para fomentar a mobilidade internacional, sempre que sexa compatible cos obxectivos formativos do título e co perfil do seu estudantado.

**1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O Máster en Patrimonio Cultural Dixital garante unha axeitada coordinación horizontal e vertical entre as súas materias, asegurando unha progresión lóxica dos **contidos e evitando solapamentos ou baleiros formativos**. A planificación curricular está deseñada para que as materias complementen unhas a outras, permitindo que o alumnado adquira as competencias de maneira gradual e estruturada. Para fornecer o proceso, a Comisión Académica:

a) **Elaborou, aprobou e remitiu** ao conxunto do corpo docente no ano referido do presente informe, o **documento** “PROPOSTAS PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DOCENTES MESTRADO INTERUNIVERSITARIO EN PATRIMONIO CULTURAL DIXITAL”, no cal se sinalan os principios básicos para **evitar baleiros e duplicidades**.
b) Celebrou **reunións co equipo docente** favorecendo a coherencia na impartición dos contidos e permiten realizar axustes para mellorar a integración entre os distintos módulos. Neste caso fíxose especial fincapé na **reunión inicial, celebrada o 04 de setembro** de 2023, coma primeira do título.
c) A coordinación entre os diferentes centros implicados no máster lévase a cabo a través de reunións regulares entre as institucións participantes e corpos coordinadores así como entre os equipos docentes das materias, garantindo unha implementación homoxénea do plan de estudos. Estas reunións permiten avaliar o desenvolvemento do programa, compartir boas prácticas e asegurar que todos os estudantes, independentemente da súa sede, teñan acceso a unha formación de calidade equivalente. A colaboración entre as universidades tamén favorece a participación de profesorado especializado e a integración de recursos compartidos.

Do mesmo xeito, dende a especificidade do título coma Interuniversitario, coa impartición en USC e Universidade da Coruña, e tendo presente o informe emitido pola ACSUG no proceso de acreditación do título, a Comisión Académica ven desenvolvendo una serie de **mecanismos de coordinación** que garanten a correcta impartición do plan de estudios.

**MECANISMOS VERTICAIS:**

a) Se constitúen así, dende o inicio do título e no ano deste autoinforme de seguimento, tres comisións coordinadoras: unha **Comisión Académica de Título**, e dúas comisións **locais** nas institucións respectivas (USC e UDC). As **reunións** ocupan a toma de decisóns máis fortes, con especial atención tomas as reunións da Comisión Local de Título USC, e a Comisión Académica de Título, co seguinte calendario:

| ÓRGANO | DATA |
|---|---|
| Comisión Académica de Título | 25/10/2023 |
| Comisión Académica Local de Título | 25/10/2023 |
| Comisión Académica de Título | 07/05/2024 |

b) Estableceuse una **Comisión Permanente** que mantén contacto constante, con comunicación semanal, composta polo coordinador do título e o coordinador na UDC.
c) Neste sentido a CA considerou convinte ofrecer una serie de indicacións de cara á **xestión da docencia** de grupo único como cumpre ao mestrado Interuniversitario, e a inicio de cada semestre se **remitíu** ao corpo docente do máster en conxunto **o documento** “PRINCIPIOS Y PROPUESTAS DE ORIENTACIÓN DOCENTE. MÁSTER INTERUNIVERSITARIO EN PATRIMONIO CULTURAL DIGITAL”, no cal se condensan os principios básicos organizativos da docencia e as súas posibilidades.

Máster Interuniversitario
Patrimonio Cultural Digital

1

**PRINCIPIOS Y PROPUESTAS DE ORIENTACIÓN DOCENTE**

**MÁSTER INTERUNIVERSITARIO EN PATRIMONIO CULTURAL DIGITAL**

Como en otros títulos interuniversitarios, la docencia en el máster ha sido establecida desde los servicios de validación marcando un principio concreto:

> *Las actividades presenciales y telemáticas se coordinarán entre las dos universidades, de manera conjunta y única para los alumnos matriculados en cada universidad que serán dispuestos en un único grupo único sin distinciones académicas de ninguna consideración.*

Para ello la impartición general del título se ha definido desde un **espacio on-line docente único**, para un grupo de 25 estudiantes, en dos lugares enlazados de manera síncrona como aula espejo. Algo común a otros títulos.

A mayores, desde la coordinación, **se recopilan algunas** de las metodologías más comunes para garantizar tal grupo sin distinciones académicas en caso de grupos docentes de las dos Universidades. Se trata de una **breve selección a modo de propuesta** y que no ha de ser necesariamente aplicada en su conjunto ni excluye otras fórmulas que se deséen.

Dos **recomendaciones** son **especialmente obligadas**:

- Planificación única y conjunta de desarrollo docente en la impartición del programa, actividades presenciales y telemáticas. A pesar de dos aulas el grupo es uno.
- Desarrollo docente sobre un material docente único (presentaciones, etc.), y común en ambas Universidades. El modelo más sencillo puede ser: reparto de cuestiones del programa, elaboración individual, puesta en común, y uso conjunto del material docente.

Ya como **otras posibilidades de docencia** de cada ese grupo único sin distinciones académicas:

- Reparto de cuestiones del programa entre los miembros del equipo docente para su impartición en exclusiva por un/a responsable a ambas aulas enlazadas.
- O en caso de optar por una impartición particular de contenidos simultáneos en ambas, mantener siempre el enlace en videoconferencia permanente de ambas aulas durante las sesiones, aun silenciadas.
- Intervenciones síncronas en las sesiones para una puesta en común del alumnado en ambas aulas espejo: al principio, al final de las sesiones, o ambas.
- Resolución común de dudas y comentarios, aun manteniendo una atención particular atención de la docencia presencial de apoyo en cada una de las aulas espejo del grupo para el desarrollo del material didáctico.
- Realización síncrona de sesiones interactivas o de laboratorio.

**MECANISMOS HORIZONTAIS**

No favorecemento e construcción de ferramentas horizontais para a docencia, de cara á construcción dos grupos únicos e da progresión lóxica dos contados, fois construido un sistema dobre de:

a) carpetas compartilladas polos equipos docentes de cada materia e polo alumnado das materias en cuestión, nas cales o groso dos integrantes poden subir e baixar materiais. Elo garante o acceso total sen depender dos campus virtuais de cada institución. Sen prexuizo do emprego do foro do campus virtual USC para a comunicación co corpo docente/estudiantil da propia institución.
b) Sesión espello en teams ás que teñen acceso os equipos docentes de cada materia para a impartición da docencia en grupo único. Sesións construidas en seria seguindo os horarios das materias e individualizadas para cada materia.







No caso das Prácticas Académicas Externas, a coordinación entre o equipo docente e as entidades colaboradoras é fundamental para garantir que os estudantes adquiran as competencias previstas. No curso académico referido do presente autoinforme de seguimento 2023/24 as PAE non foron desenvolvidas de xeito completo, ao corresponder ao segundo ano de cursado do título. Pero as Comisións encararon xa o deseño das mesmas concretando o proceso de selección, administración, contacto e asinado de convenios. Veu actuando neste primeiro ano coma coordinador o coordinador do título, Xosé M. Sánchez, co respaldo e comunicación constante da Comisión Permanente e os contactos das comisión académicas. Así se desenvolveron as seguintes medidas, horizontais e verticais:

a) Contacto coas empresas e institucións e sinatura de novos convenios.
b) Fixado de calendario de PAE seguindo o deseño da memoria verificada de título.
c) Elaboración de Normativa interna da memoria de PAE
d) Elaboración de documento orientativo e distribución entre o alumnado.
e) Elaboración de modelos de xestión interna e Anexos.
f) Desenvolvemento da asignación de prazas de PAE.

Este seguimento continuo das prácticas dende o inicio, a asignación de titores académicos e profesionais e a avaliación conxunta dos resultados permiten unha integración efectiva da aprendizaxe práctica dentro do marco formativo do máster. As entidades colaboradoras están informadas dos obxectivos e competencias que deben traballar co alumnado, garantindo unha experiencia enriquecedora e relevante para a súa formación.



Máster Interuniversitario Patrimonio Cultural Digital

**MESTRADO EN PATRIMONIO CULTURAL DIXITAL**

**PRÁCTICAS DE FIN DE MESTRADO**

**2024 INDICACIÓNS**

**TEMPORALIZACIÓN**

**Tempo de desenvolvemento das prácticas:** de 9 setembro a 20 de decembro de 2024

**Plazo de presentación da Memoria de actividades:** 15 xaneiro de 2025

**OBXECTO**

**Número de créditos ECTS:** 15

**Número de horas:** 375 horas (25h/1ECTS). Desglose de horas:

*Prácticas en empresa/Institución:* 360 horas

*Elaboración de memoria:* 15 h

**CONDICIÓNS**

Sen obligatoriedade de ser remuneradas

Acordo coa entidade receptora de xornada e condicións e desempeño da mesma



Máster Interuniversitario
Patrimonio Cultural Digital

**INFORME DO TITOR PROFESIONAL DO PROGRAMA DE PRÁCTICAS**

A información recollida neste cuestionario servirá de base para a avaliación do alumno na materia. Se hai algunha cuestión para a que non ten suficiente información, pode deixala en branco e, se o considera relevante, indicalo no apartado de observacións. Se ten algunha dúbida para cubrir este cuestionario, pode consultala co titor académico.

O/A TITOR/A

| | |
|---|---|
| Nome do responsable | |
| Centro de prácticas | |

INFORMA das tarefas realizadas durante o período de Prácticas Externas polo/a alumno/a

| | |
|---|---|
| Nome e apelidos do estudante | |
| DNI | |
| Período de realización | |
| Horario diario | |
| Perfil do posto | |

| DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES REALIZADAS POLO/A ALUMNO/A |
|---|
| |

Páxina 1 de 3



Máster Interuniversitario
Patrimonio Cultural Digital

As tarefas desenvolvidas polo/a alumno/a durante o período de prácticas se adecuaron ao establecido no proxecto formativo e merece a seguinte valoración. Por favor, sinale cun X o seu grao de acordo coas seguintes afirmacións, tendo en conta que o 5 significa que está "totalmente de acordo" e o 1 que se atopa "totalmente en desacordo".

| ASPECTOS FORMAIS E NORMAS BÁSICAS DE FUNCIONAMENTO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 1. O estudante cumpriu o calendario previsto no plan de prácticas. | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 2. A asistencia do estudante foi regular. | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 3. O estudante cumpriu axeitadamente o horario. | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 4. A integración do estudante no medio de traballo foi boa. | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| COMPETENCIAS DO/A ALUMNO/A | | | | | |
| 5. Adaptouse ben ás novas situacións que se lle presentaron. | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 6. Soubo establecer prioridades en función dos obxectivos. | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 7. Demostrou manexar técnicas de comunicación. | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 8. Mostrou capacidade para resolver os problemas que lle xurdiron. | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 9. Demostrou sentido crítico. | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 10. Mostrou capacidade para traballar en equipo. | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 11. Demostrou capacidade para asimilar coñecementos. | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| COÑECEMENTOS DO/A ALUMNO/A | | | | | |
| 12. Dispoñía de coñecementos teórico prácticos e competencias xerais cando se incorporou á práctica. | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 13. Dispoñía de coñecementos teórico-prácticos específicos para a realización das actividades que se lle encomendaron cando se incorporou á práctica. | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 14. Durante o período de prácticas incrementou os seus coñecementos específicos para a realización das actividades que se lle encomendaron. | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| ACTITUDES DO/A ALUMNO/A | | | | | |
| 15. Mostrou interese polas actividades realizadas. | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 16. Participou en actividades complementarias. | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 17. Esforzouse nas actividades realizadas. | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 18. Grao de satisfacción cos traballos realizados. | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |

Páxina 2 de 3

O contacto co tecido empresarial e de institucións para a composición da oferta de prazas de PAE foi seleccionado coa orientación principal da formación e co obxectivo final de alcanzar as competencias asociadas. Así ademáis de institucións públicas, a coordinación acadou a participación dalgunhas das principáis e máis punteiras empresas en xestión, investigación, transferencia e xeneración de contidos dende o eido dixital relativos ao Patrimonio Cultural, conformando unha oferta completa e que permitiu a recollida de todo o estudiantado. A selección das mesmas se fixo por orde de expediente acadado no título, abrindo o proceso unha vez pechadas as actas das segundas oportunidades e, por tanto, finalizadas tódalas avaliacións.

Listaxe de prazas específicas ofertadas do para as PAE do máster Interuniversitario en Patrimonio Cultural Dixital (2023/2024)

| Empresa/Institución | Perfil | Nº prazas ofertadas |
|---|---|---|
| CISPAC / Universidade de Santiago | Proxecto Kosmotech 1200 | 1 |
| Biblioteca de Galicia (Cidade da Cultura - XuGa) | Xestión dixital patrimonio documental | 2 |
| Archivo Santiago (Consellería Cultura) | Xestión dixital patrimonio documental | 2 |
| Archivo Coruña (Consellería Cultura) | Xestión dixital patrimonio documental | 1 |
| Archivo Lugo (Consellería Cultura) | Xestión dixital patrimonio documental | 1 |
| Archivo Pontevedra (Consellería Cultura) | Xestión dixital patrimonio documental | 1 |
| Arquivo Histórico USC | Xestión dixital patrimonio documental | 1 |
| Abanca - Fundación | Xestión dixital patrimonio documental | 1 |
| CINFO | Contidos dixitais | 1 |
| NTT Data | Dixitalización - IA - Varios | 2 |
| XERCODE Media Software | Dixitalización | 2 |
| Animatium | Contidos dixitais turismo | 2 |
| Es Possible | Aplicacións Intelixencia Artificial | 1 |

Aínda que o máster se imparte actualmente en modalidade exclusivamente presencial, os mecanismos de coordinación docente garanten a igualdade de competencias adquiridas por todos os estudantes e o permitirían no caso de modalidades de semipresencialidade, actualmente non contempladas. Isto implicaría a adaptación de materiais, a supervisión da metodoloxía empregada en cada modalidade e o uso de ferramentas dixitais que faciliten a interacción e o seguimento do alumnado. A experiencia acumulada na docencia en liña durante períodos excepcionais garante que o equipo docente está preparado para xestionar eficazmente un posible escenario semipresencial ou virtual.

En definitiva, a pluralidade anterior **de mecanismos garante unha coordinación horizontal e vertical** entre as diferentes materias de formación do plan de estudos (evitando baleiros e duplicidades), o cal inclúe ás Prácticas Externas. Todos os ensinos impartidos responden, en termos xerais, á mesma planificación, obxectivos, metodoloxía e resultados, na consideración do grupo único e do artellamento dos equipos docentes. A constitución de dúas Comisións Académicas, unha interuniversitaria e outras locais, por cada universidade, foron desenrolándose simultaneamente dende a súa constitución e deron lugar a avances coma o inicios de traballos para a elaboración e desenvolvemento do Traballo de Fin de Máster, que se implanta xa no presente curso 2024/2025.

**1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.**

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O proceso de admisión no MPCD segue uns criterios rigorosos xa marcados pola memoria de validación do título que garanten que os estudantes admitidos posúan un perfil de ingreso acorde co establecido na memoria verificada. O alumnado matriculado ata o momento reflicte esta coherencia, xa que maioritariamente procede de áreas afíns como a Historia, a Historia da Arte, a Documentación, a Arqueoloxía ou as Humanidades Dixitais, o que asegura unha base de coñecementos adecuada para abordar os contidos do programa.

| PERFIL DE SOLICITUDE DE INGRESO | Nº SOLICITANTES |
|---|---|
| Grao en Historia da arte | 7 |
| Grao en Historia | 14 |
| Grao en Filoloxía | 2 |
| Grao en Comunicación Audiovisual | 1 |
| Grafo en Filosofía/Antropoloxía | 2 |
| Tecnoloxía Aplicada de Medios Dixitais | 1 |
| Grao en Comunicación Audiovisual | 1 |
| Escola Superior de Deseño | 1 |
| Publicación e Impresión | 1 |
| Grao en Conservación e restauración | 1 |
| Título Superior de Música | 1 |
| Animación de Cine e TV | 2 |

**PERFIL DE INGRESO**




Por outra banda, o número de prazas ofertadas na USC (13) cubriuse satisfactoriamente, o que demostra o interese e a pertinencia do título dentro do panorama académico actual. O centro coordinador do título na USC, a Facultade de Xeografía e Historia, ven desenvolvendo una sesión de orientación ao estudantado de cara aos diversos mestrados impartidos e coordinados nel; e o ano académico da presente memoria recolle precisamente a primeira participación da coordinación do título nesa sesión, no segundo semestre de 2023. E así, nesa primeira edición o interese entre o alumnado da USC foi evidente (IN13M), cunha porcentaxe de matriculados que son titulados da USC que se achegou ao 100%.

| | 2023-24 |
|---|---|
| **Total IN13M** | **92.31** |

Dende a súa primeira edición, aquela correspondente ao presente autoinforme de seguimento a coordinación marcou dous obxectivos claros: un local e outro global. O local é o de acadar a completitude da matrícula na USC, correspondente ás 13 prazas ofertadas; o global e alcanzar o número de 20 alumnos matriculados no mestrado, completando os mínomos establecidos na incorporación das 12 prazas na UDC. Neste sentido o primeiro ano do título amosou un resultado desigual.

Para aqueles estudantes que, debido á súa formación previa, precisan reforzar determinados coñecementos, establécense complementos de formación que aseguran unha nivelación axeitada. Estes complementos permiten que o alumnado procedente de disciplinas menos vinculadas co ámbito do patrimonio cultural dixital adquira as competencias necesarias para seguir con éxito o plan de estudos, facilitando unha integración progresiva e garantindo que todo o estudantado alcance os obxectivos formativos previstos. **(*Ver listaxe de seminarios formativos en 1.2.*)**

**1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.**

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A aplicación das distintas normativas que regulan o desenvolvemento do Máster en Patrimonio Cultural Dixital xoga xa actualmente, e xogará coas sucesivas implantacións no asentamento do título (PAE, TFM), un papel fundamental na garantía da eficiencia e da calidade dos resultados acadados polos estudantes. A adecuación e o cumprimento destas normativas aseguran un proceso formativo ben estruturado, transparente e adaptado ás necesidades do alumnado, e sempre dende o centro de dúas vertentes: as **competencias adquiridas** tanto no momento de ingreso coma no evoluír do cursado do título; e as **competencias por adquirir** no cursado de novos créditos dentro do máster.

**COMPETENCIAS ADQUIRIDAS:**
A normativa de permanencia e os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos aplícanse conforme ao establecido pola universidade, garantindo que os estudantes poidan progresar de maneira adecuada ao longo do máster, partindo das súas orientacións de ingreso e as **competencias adquiridas**. O desenvolvemento do primeiro ano de título veu marcado polo desenvolvemento dos principios particulares das materias fixados na *Memoria de Validación* aprobada e que guía a docencia. Nela o fixado de contidos, competencias/habilidades do estudiantado, distribución docente, e criterios de avaliación, foi fundamento do desenvolvemento práctico. Para elo foron extractadas diversas directrices de avaliación e transferencia do coñecemento da Memoria de verificación e  compiladas nun documento orientativo que se distribuíu entre o equipo docente como ***Propostas para a elaboración das programacións docentes Mestrado Interuniversitario en Patrimonio Cultural Dixital***.

**COMPETENCIAS A ADQUIRIR:**
Nese punto a Comisión Académica de Título, seguindo as normativas vixentes e a memoria do título, considerou imprescindible a precisión das **competencias a adquirir**, no foco de dous grandes bloques: Traballo de Fin de Master; e Prácticas Académicas Externas. Ambas teñen un peso enormemente salientable (15 ECTS c/u) nun título que pon foco no só na formación teórica senón no desenvolvemento práctico e o contacto co marco laboral e empresarial. Así, e de primeiro xeito, co obxectivo de clarificar e mellorar a xestión do Traballo de Fin de Máster, iniciouse no ano obxecto do presente autoinforme a redacción dunha normativa específica que regula este proceso; todo de cara á súa aprobación definitiva e implantación no ano académico seguinte, no cal a planificación da memoria de verificación e plano de estudios, fixa xa a elaboración de TFM. Este marco normativo proporcionará directrices claras sobre a planificación, execución e avaliación dos traballos, garantindo a coherencia entre os obxectivos do máster e os resultados acadados polos estudantes. Para iniciar o proceso ofrecéronse aos estudantes as liñas de investigación dos docentes, permitindo unha elección máis informada e acorde cos seus intereses e competencias. Así, unha primeira versión da normativa ***Regulamento do Traballo de Fin de Máster*** foi aprobada en Comisión Académica de Título o 18/07/2024 para continuar un proceso que se ven de rematar no presente ano académico, segundo do título.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA — Máster Interuniversitario Patrimonio Cultural Digital — UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**Reglamento de Trabajo de Fin de Máster**

**Máster Universitario en Patrimonio Cultural Digital**

**Aprobado por la Comisión Académica de título el 18/07/2024 y con modificaciones requeridas en 13/01/2025**

La memoria de Título del máster Interuniversitario en Patrimonio Cultural Digital, aprobada en su tiempo, contenido y forma por las instituciones y organismos competentes para ello, marca las directrices teóricas, docentes y formativas de un trabajo final del título que el presente reglamento desarrolla.

La realización y defensa del TFM se regirá por las normativas sobre estudios de máster que existan en cada una de las universidades participantes en el Máster, la Universidade da Coruña (UDC) y la Universidade de Santiago de Compostela (USC), y por el presente reglamento, aprobado por la Comisión de Título del Máster en

Do mesmo xeito, de cara ao fornecemento normativo do título, e ao desenvolvemento formativo no segundo ano desta primeira edición a Comisión Académica tomou tamén coma obxecto e dende o desenvolvemento dos criterios da memoria de validación, as Prácticas Académicas Externas do título, pois constitúen un elemento clave do máster, proporcionando aos estudantes unha formación aplicada e contacto directo co ámbito profesional. Para optimizar esta experiencia, elaborouse unha guía interna de prácticas que detalla os procedementos, os obxectivos e os criterios de avaliación. Este documento facilita a integración dos estudantes nas organizacións colaboradoras e asegura que adquiran as competencias previstas no plan de estudos e, co título ***Procedimiento para la realización de las Prácticas Externas*** foi aprobado pola Comisión Académica en sesión do 18/07/2024.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA — Máster Interuniversitario Patrimonio Cultural Digital — UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**Procedimiento para la realización de las prácticas externas (aprobado por la comisión académica el 18/07/2024)**

El título suscribirá convenios con entidades colaboradoras que ofertarán anualmente prácticas a los estudiantes del título. El procedimiento para la gestión de las prácticas externas será el siguiente:

1. Desde la coordinación se contacta con empresas y entidades colaboradoras a fin de definir la oferta de prácticas disponible para el curso académico. Se buscará en la medida de lo posible ampliar el número de empresas colaboradoras y gestionar convenios de las entidades con ambas universidades (UDC y USC).
2. Se publica la oferta de prácticas pública para todo el alumnado. Esta oferta de prácticas se buscará en la medida de lo posible que sea conjunta para UDC y USC, de forma que se centralice la selección y asignación a todo el alumnado del título.
3. Los estudiantes eligen las prácticas a las que desean optar, enviando esta preferencia al coordinador. Para esto, se establecerá un mecanismo para que cada estudiante pueda indicar un número máximo de entidades, por orden de preferencia

Co fin de mellorar a planificación e o aproveitamento das normativas e favorecer materias do máster, elaboráronse documentos de resumo breve para os estudantes. Todos estes documentos permiten unha mellor comprensión da estrutura do programa, facilitando a organización do estudo e a integración dos coñecementos adquiridos. Para mellorar a xestión todos os documentos foron colgados nos campus virtuais das dúas institucións participantes e xestoras da

matrícula, así como nunha primeira páxina web aberta de orientación para o estudantado (https://mpcd.udc.es/tfm/ e https://mpcd.udc.es/practicas/). A aplicación das normativas de avaliación axústase deste xeito aos criterios xa establecidos, e asegura un sistema transparente e equitativo que reflicta adecuadamente o nivel de competencia acadado polo alumnado.

A aplicación das diferentes normativas no MPCD está contribuíndo de maneira efectiva á eficiencia e á calidade do programa. A introdución de novas ferramentas e documentos normativos reforza a claridade dos procesos académicos, mellora a experiencia formativa dos estudantes e optimiza os resultados finais, garantindo que os obxectivos formativos do título se cumpran de maneira efectiva.

| |
|---|
| **DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO** |
| **CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:** |
| **Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.**<br>Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese). |
| **2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.** |
| Aspectos a valorar:<br>• Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.<br>• A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.<br>• Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese. |
| **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**<br><br>A difusión da información sobre o título ten o seu centro tanto nos contidos do programa formativo, coma no seu desenvolvemento mais cotiá. Así, e para garantir un acceso sinxelo a tódolos grupos implicados, realízase a través de diversas plataformas institucionais, facilitando o acceso a estudantes, docentes, institucións colaboradoras e outros axentes implicados. En todas elas, as actualizacións lévanse a cabo seguindo criterios de rigor e transparencia, incorporando os cambios necesarios para mellorar a calidade formativa e adaptarse aos avances na disciplina (aprobacións de normativas, calendarios académicos, guías de presentación). A principal vía de comunicación do título é das webs pertencentes ao mestrado:<br><br>• A páxina web do título albergada no portal da Cátedra de Patrimonio Cultural Dixital, promotora da titulación: https://patrimonioculturaldigital.com/master/ Nela se ofrece información de características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados. A ela se engade a web desenvolvida. Orientada a aquelas/es que pescuda información antes do cursado.<br>• A páxina web do propio título https://mpcd.udc.es/ con acceso á información relevante do título a aqueles que estean no cursado do mesmo, en normativas e claridade dos procesos docentes.<br>• A web da universidade ofrece un espazo específico para o máster, onde se publican documentos relevantes como a guía docente, o plan de estudos, os criterios de avaliación e os informes de calidade (https://www.usc.gal/gl/estudos/masteres/artes-humanidades/master-universitario-patrimonio-cultural-dixital).<br><br>Todo elo garante a publicación de información **suficiente, relevante, obxectiva e actualizada**, cumprindo cos estándares esixidos. Para o desenvolvemento, e a través da Cátedra de Patrimonio Cultural Dixital da USC e a rede CRUSOE (Conferencia de Rectores de las Universidades del Suroeste Europeo), delegouse na empresa VINCUSYS - Marketing \| Comunicación \| Tecnología a difusión e xestión das redes sociais e información en web, promovendo unha actualización constante da información sobre o título.<br><br>Dende a institución coordinadora, USC, a información dispoñible sobre o máster mantense actualizada e en consonancia coa memoria verificada e as súas posteriores modificacións. Isto garante que os datos publicados reflictan fielmente a estrutura do programa, evitando discrepancias que poidan xerar confusión entre os grupos de interese. De cara a unha información acorde ao **contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións** a páxina do título ofrece acceso á memoria de Validación (https://assets.usc.gal/sites/default/files/paragraphs/moreinfo/2024-09/patrimonio_cultural_dixital_2023_24.pdf), coma garantía e información para o estudiantado. Dende a Universidad da Coruña, a información do Sistema de Garantía e Calidade da Facultade de Informática, coordinadora na UDC, atópase a disposición e consulta pública do alumnado na ligazón: https://www.fic.udc.es/es/sistema-de-garantia-de-calidad Conta do mesmo xeito co repositorio de acceso aberto das memorias e informes relativos: https://www.fic.udc.es/es/memorias- |

e-informes no cal se atopan accesíbeis tanto a *Memoria de Verificación* do 2023 (ir Memoria) coma o Informe de verificación correspondente (Ir Informe)

A maiores, a Facultade de Xeografía e Historia da USC, coordinadora do título, promove o acceso público a toda a información e facilmente accesible a través do apartado de acordos de Facultade e Comisión Permanente, onde se aproban todas as suxerencias e reflexións da Comisión do SGC:

- https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia/arquivo
- https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia/calidade/documentacion-sgc

| DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO |
|---|
| CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:<br>**Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.**<br>Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título. |
| **3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.** |
| Aspectos a valorar:<br>• Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvolvéronse de acordo ao establecido.<br>• No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.<br>• Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvolveuse de acordo ao establecido.<br>• O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido. |
| **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**<br><br>O Sistema de Garantía da Calidade (SGC) do Máster Interuniversitario en Patrimonio Cultural Dixital conta con procedementos establecidos que permiten a recollida continua de información relevante para a análise do desenvolvemento do título e a toma de decisións fundamentadas, principalmente polos seguintes procedementos que **permiten recollida de información** constante son: constitución dunha  Comisión Permanente do título en atención constante ás demandas e recollida de suxestións e necesidades; sesións de seguimento co estudiantado (SSE) desenvolvidas de xeito periódico; sesións comúns co corpo docente ou reunións das Comisións Académicas e de coordinación para avaliación de resultados e corrección; enquisas de satisfacción do estudiantado. A análise dos resultados obtidos nas diversas instancias, permite detectar puntos fortes e áreas de mellora, sobre os cales se propoñen accións concretas que son seguidas no tempo, garantindo así un ciclo de mellora continua e sostida.<br><br>De xeito normativo o SGC do MPCD está amparado polo Sistema de Garantía Interna de Calidade da USC deseñado segundo os modelos das axencias de calidade nacional e autonómica, ANECA e ACSUG. A súa articulación é en 9 criterios, desglosados en 46 directrices, e á súa vez compoñen en 5 eixos (primeiro SGIC da USC aprobado 2009; aprobación de revisión pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno en 2013). O Máster de Patrimonio Cultural Dixital inclúese no Sistema de garantía da calidade da Facultade de Xeografía e Historia (https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia/calidade), centro coordinador da titulación; a eles se engade o SGIC da Universidade Da Coruña, a outra institución participante. Así, coma ferramentas de orientación, normativa e consulta no marco do SGC o título en cuestión conta con:<br>• Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Xeografía e Historia da USC: https://assets.usc.gal/sites/default/files/documents/2020-10/manualsimplificado-do-sgic-facultade-de-xeografia-e-historia-2020.pdf<br>• Manual simplificado de procesos do SGC da Facultade de Xeografía e Historia da USC: https://assets.usc.gal/sites/default/files/documents/2020-10/manual-simplificado-do-sgic-facultade-de-xeografia-e-historia-2020.pdf<br>• Memoria de calidade da facultade de Xeografía e Historia para o curso 2022-2023, coma memoria máis recente aprobada: https://assets.usc.gal/sites/default/files/documents/2025-01/memoria-decalidade-2022-23.pdf<br>• SGIC da Universidade da Coruña: https://humanidades.udc.es/calidad/msgic |

**Coma título interuniversitario,** as accións derivadas da implantación do **SGC están plenamente coordinadas entre ambas institucións**, a través da constitución dunha Comisión Permanente (CP), composta por: coordinador do título (e coordinador local da USC), o coordinador do título na Universidade da Coruña; o director da Cátedra de Patrimonio Cultural Dixital. A CP se encarga da recepción primeira de comentarios, suxestións ou desenvolvemento primeiro do SGC, coa convocatoria, participación e xesión, das sesións de seguimento do estudiantado. E nun segundo nivel, a Comisión Académica de Título, con representación de ambas universidades, reúnese con periodicidade para revisar a implementación do plan de estudos, os indicadores de rendemento, e acordar medidas conxuntas para mellorar a calidade do ensino e asegurar unha experiencia formativa homoxénea e de calidade en todos os centros implicados.

Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e do profesorado tamén se desenvolveron segundo o establecido. Isto inclúe a realización de enquisas de avaliación docente ao remate de cada cuadrimestre, informes individuais e colectivos que permiten identificar boas prácticas e áreas que requiren mellora. Os resultados destas avaliacións son analizados pola coordinación do título e compártense co profesorado para fomentar a reflexión pedagóxica e a actualización metodolóxica. A calidade da docencia reflíctese na enquisa de satisfacción do alumnado (IN46M), que se desenvolve por vez primeira neste 2023/24 obxecto do presente autoinforme e que non permite aínda comparativas, pero constata unha satisfacción do alumnado coa docencia recibida (sobre un indicador máximo de 5).

| | 2023-24 |
|---|---|
| **Total** IM46M | **4.72** |

En relación ao **procedemento de suxestións e reclamacións**, este púxose en funcionamento segundo o estipulado, garantindo que o alumnado e demais membros da comunidade participante no mestrado poidan expresar de forma segura calquera incidencia, proposta de mellora ou queixa. Se sigue así calendario de Sesións de Seguimento co Estudiantado (SSE) no que participa a comunidade de estudiantes en conxunto, e que no ano de referencia do presente Autoinforme mantivo as seguintes sesións:

- 16/10/2023
- 18/12/2023
- 04/02/2024

Coma representantes académicos participan nas sesións de seguimento os membros da Comisión Permanente do Mestrado. As achegas, conclusións e reclamacións ou suxestións emanadas das reunións, son analizadas pola coordinación do máster e, cando é pertinente, trasládanse á Comisión Académica para a súa valoración e resposta. Este procedemento contribúe á **participación activa da comunidade** universitaria no proceso de mellora continua do título.

**3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.**

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O funcionamento do Sistema de Garantía de Calidade permitiu implementar accións de análise e revisión que deron lugar á **introdución de melloras** no desenvolvemento do título. Durante este primeiro ano de implantación do máster

realizáronse reunións periódicas de coordinación docente e seguimento que permitiron identificar posibles puntos de mellora tanto na programación como na metodoloxía de certas materias, así como na organización dalgúns procesos de xestión, como a asignación e titorización do TFM ou a organización das prácticas externas. Coma ano de implantación da titulación se tiveron en especial **consideración as recomendacións do informe derivado do proceso de verificación** incorporadas no Informe Favorable Condicionado de Validación do ACSUG (INFORME PROVISIONAL DE EVALUACIÓN DE LA SOLICITUD DE VERIFICACIÓN DE TÍTULO OFICIAL), emitido no expediente 12682/2023 con data 11/04/2023.

Como consecuencia deste proceso de revisión, leváronse a cabo accións de mellora como a elaboración dunha guía interna para as prácticas, a clarificación das liñas de investigación e titoría do TFM ou a actualización dalgunhas guías docentes. A continuación se recollen as principais melloras desenvolvidas partindo das suxestións de informes, as sesións de seguimento e reunións periódicas, así como das ferramentas do SGC do título, en 2023/24:

| ACCIÓN DE ANALISE | INDICACIÓN OBTIDA | MODIFICACIÓN DE MELLORA INTRODUCIDA |
|---|---|---|
| Recomendacións Informe ACSUG | Reforzo do grupo docente único | Desenvolvemento do corpo de aulas espello coma fundamento metodolóxico formativo. |
| Recomendacións Informe ACSUG | Reforzo da docencia única | Composición de horario único en consideración de calendarios laborales e franxas horarias USC/UDC. |
| Recomendacións Informe ACSUG | Reforzo da docencia única | Elaboración de *Guía de recomendacións en metodoloxías docentes* para o corpo docente en conxunto. |
| SSE16/10/2023 | Posibles solapamentos de contidos docentes | Elaboración de *Guía de elaboración de programacións*. |
| SSE16/10/2023 | Necesidade de profundar no compartillado de materiais | Desenvolvemento de sistema completo de carpetas compartilladas de grupo docente/materia. |
| SSE04/02/2024 | Clarificación de ritmos e modelos de elaboración de TFM | Elaboración de *Guía breve para a elaboración de TFM*. |
| Comisión Académica de Titulo | Definición de proceso de adscrición de plazas PAE | Elaboración de documento con calendario e indicacións PAE |

O **seguimento destas melloras** se desenvolve través das reunións da Comisión Académica e da análise dos informes internos emanados das SSE. Elo permite confirmar que os obxectivos formulados comezan a cumprirse, mellorando a coordinación entre docentes, a comprensión por parte do alumnado dalgúns procesos claves do título e facilitando a planificación do seu itinerario académico. A avaliación inicial destes pequenos axustes permitiu constatar unha mellora tanto na implicación do estudantado como na percepción da claridade organizativa do programa, así como no desenvolvemento dos diversos estadios formativos: docencia e adquisición de competencias e coñecementos, desenvolvemento do proceso de PAE, desenvolvemento do proceso de TFM.

O proceso de revisión continua do título intégrase cos mecanismos xerais da USC, que permiten incorporar ao plan de mellora as recomendacións e observacións formuladas nos distintos informes derivados dos procesos de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación. Neste sentido, o equipo de coordinación do máster mantén unha actitude proactiva e receptiva á mellora continua, dispoñendo xa dunha serie de medidas previstas para implementar de forma progresiva nos vindeiros cursos, como a potenciación do contacto con entidades colaboradoras para prácticas externas e o desenvolvemento de ferramentas de avaliación máis adaptadas ao perfil do título. O tempo actual é o de construción, pois o presente é o primeiro autoinforme de título e correspondente ao ano de implantación, de xeito que a implementación de accións de mellora suxeridas polo propio sistema está ainda pendente.

**3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as**

| **melloras oportunas.** |
|---|
| Aspectos a valorar:<br>• A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).<br>• Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.<br>• As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua. |

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O Sistema Marco de Garantía da Calidade, indica a revisión e actualización do SGC cada tres anos ou no caso en que concorran cambios na organización ou nas actividades do Centro en canto ao marco normativo que lles afecte ou no seo de procesos de avaliacións ou revisións do SGIC. Malia todo o proceso **de análise e revisión do SGC** no Máster Interuniversitario en Patrimonio Cultural Dixital, ven realizándose con carácter periódico por parte da súa Comisión Permanente, e trasladando os resultados máis relevantes ou requirimentos ás Comisións Académicas, conforme aos procedementos establecidos pola USC, permitindo identificar áreas de mellora e traducilas en plans concretos con responsables, cronograma e obxectivos definidos.

A través das reunións da Comisión Académica de Título, da coordinación docente e do diálogo constante co estudantado nas SSE, recolléronse datos que foron utilizados para definir actuacións específicas, como a redacción dunha guía de prácticas, a mellora da información previa sobre o TFM ou a clarificación de procedementos internos. Estas accións insírense dentro dun plan de mellora continuo que se adapta á evolución do título e á experiencia da súa implantación. Foi así que a traveso da revisión de SGC se precisaron ao longo do ano 2023/24:

| IMPLANTACIÓN DE MELLORA | ANO LECTIVO DE REFERENCIA E/OU IMPLANTACIÓN |
|---|---|
| Elaboración de cronograma de xestión académica de PAE | 2023/24 |
| Elaboración de cronograma de xestión académica de TFM | 2024/25 |
| Definición de procesos burocráticos internos de PAE | 2023/24 |
| Definición de procesos burocráticos internos de TFM | 2024/25 |
| Elaboración de formularios e Anexos propios do título | 2023/24 |

Durante este primeiro ano, **todos os grupos de interese foron implicados** activamente tanto na elaboración inicial do sistema como na súa posta en marcha e seguimento. A comunidade docente participa a través da coordinación e das reunións da comisión académica, mentres que o estudantado puido trasladar as súas valoracións e propostas mediante canles formais e informais (reunións, enquisas, contacto directo co equipo de coordinación). Así mesmo, os profesionais e entidades colaboradoras para as prácticas tamén foron consultados respecto á planificación e desenvolvemento das mesmas, de cara a axustalas mellor ás expectativas profesionais do sector.

As **evidencias recompiladas** ao longo deste primeiro ano de implantación do MPCD indican que no centro coordinador, a Facultade de Xeografía e Historia, xunto co da UDC participante, existe un SGC fornecido e ben asentado, que se reflicte tanto na disposición do profesorado a participar en procesos de avaliación e mellora, como na capacidade de resposta ante as necesidades detectadas. Todo elo está claramente orientado á mellora continua do título, facilitando que se tomen decisións informadas, realistas e orientadas a garantir a adquisición de competencias por parte do alumnado e a adecuación do programa aos estándares académicos e profesionais actuais.

| Criterio 3.3 | |
|---|---|
| **ACCIÓNS DE MELLORA PROPOSTAS** | |
| **Concepto** | **Contido** |

| | |
|---|---|
| Constitución interna de Comisión de Seguimento de Título | Distribución e fixado de competencias e actividade da Comisión de Seguimento do Título, encargada das cuestións relativas a seguimento e transmisión de xestións e melloras.<br>Concreción:<br>-Composición: coordinador de título/USC, coordinador de título UDC, representate da cátedra de Patrimonio Cultural Dixital USC.<br>-Funcións:<br>• Establecemento do calendario de Sesións de Seguimento co estudiantado.<br>• Xestión de asistencia a reunións de seguimento.<br>• Elaboración, de ser o caso, de informes internos das sesións de seguimento.<br>• Transmisión de resultados, suxestións de melloras, ou reclamacións, á Comisión Académica de Título. |

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

**Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.**

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

**4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) esixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O profesorado que participa no Máster Interuniversitario en Patrimonio Cultural Dixital posúe a **cualificación axeitada**, tanto no ámbito docente como investigador, de acordo co establecido na memoria verificada. O conxunto do equipo docente está composto por membros da comunidade de PDI dos centros participantes USC e UDC cunha sólida traxectoria académica, e ampla experiencia en investigación aplicada e proxectos de transferencia. A eles se engaden profesionais externos especialmente seleccionados para materias de contido específico. Así, as materias troncais, optativas, así como o acompañamento nas prácticas externas e nos traballos de fin de máster, están cubertas por profesorado cun perfil claramente especializado nas competencias que se pretenden desenvolver. Un corpo docente con alta cualificación, pois o **99,51%** dos docentes integrados no cadro docente do máster posúen, no ano de referencia, o **título de doutor/a**. E de todos eles o 100% do corpo docente do mestrado estivo en disposición de dirixir TFMs.

O programa formativo do MPCD ofrece no seu corpo docente un enfoque interdisciplinario que se encarga de impartir aulas no seu campo de especialización docente-investigador. Elo brinda aos estudantes competencias tanto en humanidades coma no eido tecnolóxico-instrumental, para entender e atender ás necesidades específicas do patrimonio cultural e aplicar solucións dixitais axeitadas. Tal composición se reflicte nas 16 áreas de coñecemento encargadas da docencia no ano do presente auto-informe 2023/24 que garanten a especificidade dos contidos formativos impartidos, **resultan suficientes para desenvolver as funcións e atender ao estudantado,** e basculan entre ás **perspectivas máis tradicionais** do coñecemento en Humanidades, ás ferramentas **máis innovadoras** no desenvolvemento dos proxectos:

| ÁREAS DE COÑECEMENTO CON DOCENCIA NO ANO DE REFERENCIA 2023/24 |
|---|

| |
|---|
| Análise Xeográfica e rexional |
| Arqueoloxía |
| Arquitectura e tecnoloxía de computadores |
| Ciencia da computación e intelixencia artificial |
| Ciencias y Técnicas Historiográficas |
| Comunicación Audiovisual e Publicidade |
| Historia contemporánea |
| Historia de América |
| Historia del Arte |
| Historia medieval |
| Historia moderna |
| Linguaxes e sistemas informáticos |
| Música |
| Prehistoria |
| Xeografía física |
| Xeografía humana |

Tratándose do ano de implantación, os datos non ofrecen aínda cifras medias de atención de estudiantado por docente, pero o número de docentes asignado ao título é suficiente para cubrir todas as necesidades da programación académica e garantir unha atención adecuada ao alumnado. No calculo do ano en cuestión a **media de estudantes nos grupos con docencia expositiva ou interactiva é de 8,87**, e a de atención media por docente no título de 3,37 estudantes. No práctico a docencia segue o disposto na memoria de validación aprobada e ten como marca un 100% de presencialidade, coa atención ao estudantado nas propias aulas e os horarios reservados para titorías pertinentes, marcados pola normativa e publicitados nas plataformas de cada docente.

| **Media de estudantes en grupos con docencia** | |
|---|---|
| | 2023/24 |
| MPCD | 8,87 |

| **Atención de alumnado media por docente** | |
|---|---|
| | 2023/24 |
| MPCD | 3,37 |

O volume de matriculación do ano de implantación do título, obxecto deste auto-informe, permitiu un seguimento individualizado do alumnado, especialmente importante tanto no inicio de traballos de cara aos TFM e á xestión das Prácticas Externas, onde se require un acompañamento próximo e flexible. Para este primeiro ano, e atendendo á definición da cuestión organizativa, considerouse que eran membros da Comisión Académica os que debían de levar o peso na **Coordinación das Prácticas Académicas Externas**, de xeito que foron os coordinadores de USC e UDC os que se fixeron cargo do estudantado en canto a xestións, orientación e seguimento. A presenza dunha coordinación docente activa e a implicación do profesorado nas dinámicas do MPCD contribúen á estabilidade e eficacia do cadro docente.

A universidade e as institucións participantes ofrecen diversas vías **para a actualización continua do profesorado**, tanto mediante a participación en cursos organizados polo Programa de Formación e Innovación Docente (PFID) como a través de incentivos para a mellora da docencia e da formación pedagóxica. No ano do presente autoinforme, membros da Comisión Académica de Título, dende a coordinación, e igualmente boa parte do corpo docente do título na Facultade de Xeografía e Historia, veñen de participar en cursos de iniciación de cara a unha mellora formativa:

| CURSOS DE FORMACIÓN E INNOVACIÓN DOCENTE RECIBIDOS<br>PARA ACTUALIZACIÓN E MELLORA DA ACTIVIDADE DOCENTE<br>ANO DE REFERENCIA 2023/24 | | | |
|---|---|---|---|
| **Denominación de curso/actividade** | **Organiza** | **Duración** | **Participante/s** |
| (DPP.23far-06) A revolución dos axentes conversacionais intelixentes: IAs xenerativas baeadas en Modelos Grandes de Linguaxe | PFID USC | 4 h. | Coordinador do título |
| (DPP.23T-05) Iniciación á intelixencia artificial | PFID USC | 2 h. | Docentes do título |

Así mesmo, estímase e valórase a participación en redes e proxectos de innovación docente, que permiten incorporar metodoloxías activas e enfoques innovadores ao ensino universitario. Así, varios docentes do mestrado se topan no ano en cuestión 2023/24 na xestión dun novo Grupo de Innovación Docente que se constituirá na Facultade de Xeografía e Historia.

Neste primeiro ano de implantación non houbo participación do profesorado en programas de mobilidade, se ben existen precedentes e predisposición clara por parte dalgúns docentes a participar en accións internacionais de docencia ou intercambio, especialmente a través da rede REDE, do proxecto europeu Erasmus+ ou de convenios específicos asinados con universidades estranxeiras, co título inmerso na xestión dun posible e futuro Erasmus Mundus cuestión na que a Coordinación e a Comisión Permanente do máster traballaou durante o ano do presente informe.

A universidade fixo efectivos os **compromisos** recollidos na memoria verificada en relación á **incorporación progresiva de profesorado con perfil investigador e docente axeitado**. Neste senso, o título concorreu á convocatoria competitiva *Accións de mellora de másteres oficiais da USC (2023)* por parte da Vicerreitoría de Titulacións da USC no ano 2023/24, e de xeito específico en canto a este criterio, coa presentación da Acción 01: “Fornecemento específico da docencia dende áreas externas e empresariais”. A súa aprobación e financiación permitiu ao máster dispoñer dunha financiación extraordinaria de 600 € para avanzar na **incorporación de especialistas externos**, tanto do ámbito profesional como académico, así como na consolidación dun cadro docente cunha marcada orientación á innovación e á calidade formativa. Elo toma forma na participación en Sesións docentes de Laboratorio de membros das seguintes empresas e profesionais externos:

- Deputación de Pontevedra
- Garrigues (bufete líder mercantil en España).
- NERUS Abogados.
- Sistemius (bufete abogados especialista en IPR).
- Xercode Media Software S.L.

| Criterio 4.1.<br>**ACCIÓNS DE MELLORA PROPOSTAS** | |
|---|---|
| **Concepto** | **Contido** |
| Incrementar a participación do centro coordinador Facultade de Xeografía e Historia, no financiamento da titulación | Financiamento por parte das partidas destinadas para elo das seguintes actividades:<br>• Saídas de campo.<br>• Participación de docentes externos en actividades formativas.<br>• Participación de profesionais e empresas en actividades formativas. |
| Grupo de Innovación Docente | Colaboración e promoción dende a coordinación do |

| | |
|---|---|
| | título da creación e integración de membros nun Grupo de Innovación Docente de Facultade de Xeografía e Historia. Cos seguintes obxectivos xerais:<br>• Posta en común de experiencias docentes.<br>• Definir e profundar nas estratexias docentes innovadoras de aplicación no título.<br>• Definición de innovacións en ferramentas docentes experimentadas e desenvolvidas no título na posible aplicación en outras áreas ou títulos. |

**4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.**

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación esixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O título conta cun equipo de **persoal de apoio suficiente** para atender as funcións administrativas e técnicas necesarias, tanto no referente á xestión académica como ao soporte aos estudantes e ao profesorado Elo se fundamenta en dous niveles: i) o normativo e de xestións xeral do título; ii) o de atención académica local.

**NORMATIVO E DE XESTIÓNS XERAL DO TÍTULO**

Así, no primeiro caso, as tarefas de matrícula e xestión de cambios de materias, xestión de expedientes, apoio á docencia virtual e orientación ao alumnado, e xestións de aprobación normativa, foron cubertas polo persoal de apoio administrativo da USC para todos os títulos oficiais e propios, principalmente nas unidades: SXOPRA, UXAs, OAR, ATIC, CETA, Secretaria xeral, e Asesoría xurídica. Dende a Comisión Académica e a coordinación vense recorrendo a elas de xeito cotiá na resolución de cuestións normativas e de xestións, que no ano en cuestión do autoinforme tiveron coma principais as seguintes cuestións:

- inicio de traballos para a elaboración de regulamento de TFM
- inicio dos traballos burocráticos de cara á construtión das PAE
- composición normativa e práctica do grupo único de docencia.

**ATENCIÓN ACADÉMICA LOCAL**

No segundo nivel, a coordinación administrativa desde a Facultade de Xeografía e Historia, así como o apoio específico do equipo da Rede CRUSOE e a Cátedra de Patrimonio Cultural Dixital da USC, permitiron un funcionamento fluído e eficaz ao longo do curso nas cuestións máis cotiás; principalmente: aularios, condicións de docencia, información de xestións académica horaria; cobertura de actas.

| |
|---|
| **CADRO DE PERSOAL DE APOIO MPCD**<br>**Facultade de Xeografía e Historia USC**<br>ANO DE REFERENCIA: 2023/24 |

| Rama | Posto | Número de integrantes |
|---|---|---|
| Personal de Administración e servizos | Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos | 1 |
| | Secretaría de Decanato | 1 |
| | Responsable de Asuntos Económicos | 1 |
| | Secretaría de Departamento coordinador | 1 |
| Biblioteca | Dirección | 1 |
| | Persoal Técnico de Biblioteca | 3 |
| | Persoal Auxiliar de Biblioteca | 6 |
| TOTAL DE PERSONAL DE APOIO NO CENTRO | ANO 2023/24 | 14 |

| CADRO DE PERSONAL DE APOIO MPCD<br>Facultade de Informática UDC<br>ANO DE REFERENCIA: 2023/24 | | |
|---|---|---|
| **Rama** | **Posto** | **Número de integrantes** |
| Personal de Administración e servizos | Xefe de negociado | 1 |
| | Secretariado Administrativo | 1 |
| | Negociado de Asuntos Académicos | 1 |
| | Secretaría de Departamento coordinador | 1 |
| Biblioteca | Dirección | 1 |
| | Persoal Técnico de Biblioteca | 2 |
| | Persoal Auxiliar de Biblioteca | 2 |
| TOTAL DE PERSONAL DE APOIO NO CENTRO | ANO 2023/24 | 9 |

O persoal de apoio implicado no título posúe a cualificación esixida para desempeñar as funcións encomendadas, acorde coas previsións recollidas na memoria verificada, contando cos requirimentos legais para o desempeño dos seus respectivos postos. A institución, do mesmo xeito, ofrece oportunidades formativas ao persoal de apoio para favorecer a súa actualización profesional. A través do Plan de Formación Permanente da USC, tanto o PAS como o persoal técnico poden acceder a cursos de actualización en xestión universitaria, comunicación institucional, ferramentas dixitais e atención ao público. Esta formación repercute directamente na mellora da experiencia académica do estudantado e na calidade xeral do servizo prestado, garantindo un acompañamento eficaz en todas as fases do proceso formativo.

A universidade fixo efectivos os compromisos recollidos na memoria de verificación en relación á dotación de persoal de apoio. En particular, e engadido ao apoio de xestión e servizos garantido polo persoal xa referido, garantiuse o soporte técnico necesario para o desenvolvemento das clases virtuais, así como a coordinación administrativa intercampus, especialmente relevante nun título presencial que enlaza aos membros do seu grupo en aulas espello. O dominio das ferramentas de xestión académica, o coñecemento do funcionamento das plataformas dixitais empregadas no máster, así como a capacidade de interlocución eficaz co equipo docente e co estudantado por vía e-mail, foron aspectos que reforzaron o bo desenvolvemento do curso.

Así mesmo, no ano de referencia do presente autoinforme de seguimento comezouse a traballar na consolidación de procedementos claros e compartidos para o seguimento académico; principalmente:

- Normativización e estandarización da tramitación de PAE e TFM.

**DIMENSIÓN 2. RECURSOS**

**CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:**

**Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.**

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

**5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, …
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistencias e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), …
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,… son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,…) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oriéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

**As infraestruturas empregadas** para o desenvolvemento do máster resultan axeitadas á natureza e modalidade presencial do título. O desenvolvemento da docencia ten lugar na facultade de Xeografía e Historia da USC, en Santiago de Compostela, e na facultade de Informática da UDC. A docencia conta con aulas dotadas de medios audiovisuais e de conexión á rede que posibilitan a docencia; no caso da USC o groso da docencia se desenvolveu no ano de obxecto do presente autoinforme na Aula 16 dotada de: equipo informático; rede sen fíos; cámara; proxector. A tendencia será, alo menos na intención da presente coordinación do título, o fornecemento da docencia nese aula de cara ao ano 2024/25, con capacidade para 20/25 estudiantes.

O título fixo igualmente uso doutros espazos docentes espazos no centro, buscando o máis acaído para as súas

necesidades docentes en cada un dos momentos e de cara áo obxecto partiular da docencia en cuestión:

| **TÁBOA DE EMPREGO DE ESPAZOS DOCENTES MPCD**<br>ANO DE REFERENCIA 2023/24 | |
|---|---|
| **ESPAZO DOCENTE** | **EMPREGO** |
| Paraninfo da Universidade USC | Lección inaugural |
| Aula 16 USC | Docencia |
| Laboratorio 0.2 UDC | Docencia |
| Aula de informática USC | Docencia |
| Laboratorio 01 USC | Docencia en laboratorio |
| Aula 08 USC | Sesión Patrimonio Culturais – Olladas dixitais |

Do mesmo xeito, e de cara aos espazos de estudo e a consecución e consulta de bibliografía, o estudiantado do título ten á disposición a biblioteca da Facultade de Xeografía e Historia, e con ela aulas de informática e salas de reunión dispoñibles para a docencia presencial e o traballo colaborativo. Se engade o emprego de Campus Virtual, que ofrece apoio loxístico e espazos adaptados para o seguimento do grupo virtual, asegurando a cobertura das necesidades docentes.

Os **recursos materiais postos á disposición do estudantado son coherentes** coa modalidade e coas competencias específicas do máster. A infraestrutura tecnolóxica foi un factor clave para garantir a igualdade formativa entre estudantes presenciais e virtuais. As aulas contaron con sistemas de retransmisión síncrona e gravación, e asegurouse o acceso á docencia en remoto con calidade. A coordinación entre as dúas sedes universitarias implicadas e os centros colaboradores foi fluída, e permitiu axustar os recursos tecnolóxicos ás necesidades do título, con especial consideración en:

- Constatación do grupo docente único do máster interuniversitario con recursos materáis orientados á construción das aulas espello.
- Acceso a plataformas dixitais (Moodle, Teams, Office365), programas de edición e análise de datos dixitais, e ferramentas específicas relacionadas co patrimonio cultural dixital.
- Acceso a medios ténicos concretos no requerimento das materias concretas. Neste sen tido, de xeito específico o estudiantado ven facendo uso da Aula 04 – Aula de Informática da facultade de Xeografía e Historia, na especialización de docencia para a materia *P5281211 - Virtualización e recreación do patrimonio*, para dar cabida aos requisitos técnicos da materia en cuestión dende as capacidades dos equipos e licenzas dispoñibles.

Do mesmo xeito, o título cumpre **cos requisitos establecidos polas normativas de accesibilidade universal** e deseño para todos, así como coas medidas de seguridade e saúde. A laboura vense facendo dende o *Área de Inclusión e Participación Social da USC* (https://www.usc.gal/gl/servizos/area/inclusion-participacion-social/inclusion-universitaria) que se encarga «da coordinación e posta en marcha, en colaboración cos distintos centros, das actuacións necesarias destinadas a favorecer as medidas de atención á diversidade ao alumnado baixo un principio de equidade»; conta cun regulamento en acceso público e protocolos específicos para adaptacións de docencia e accesibilidade (https://www.usc.gal/gl/servizos/area/inclusion-participacion-social/inclusion-universitaria/estudantes-necesidades-especificas-apoio-educativo-eou-discapacidade). De xeito concreto, no centro de impartición, se engaden as competencias exercidas pola *Comisión de Actividades Culturais, Igualdade, Normalización Lingüística e Participación Estudiantil* (https://www.usc.gal/es/centro/facultad-geografia-historia/gobierno). O profesorado e persoal de apoio coñecen estas disposicións, e tanto os espazos como as plataformas dixitais utilizadas están adaptadas para garantir o acceso inclusivo a todos os estudantes, incluíndo pois a aquelas/es con necesidades especiais.

**Os fondos bibliográficos e recursos documentais son suficientes e está garantido** tanto en formato físico como dixital, a través das bibliotecas da USC e dos recursos electrónicos contratados polas universidades e nos centros de impartición do título. Estes fondos están actualizados e cobren amplamente as áreas de coñecemento vinculadas ao título: humanidades dixitais, historia, historia da arte, arqueoloxía, documentación e tecnoloxías da información aplicadas ao patrimonio. A Biblioteca da Facultade Xeografía e Historia garante o acceso a un extenso fondo bibliográfico relativo a todas e cada unha das especificidades das áreas de coñecemento en Humanidades do MPCD, atendendo as necesidades do alumnado no mesmo centro de impartición do título. O persoal de atención na Biblioteca é suficiente para dar cabida ás necesidades do estudiantado, cunha plantilla de 10 integrantes. Do mesmo xeito, o estudiantado da UDC conta con atención constante na Biblioteca de Facultade de Informática, con 5 memnbros de personal contratado, e ambas con servizos de préstamo inter-bibliotecario que facilita a comunicación. A elo se engade o fondo máis técnico que a USC pon a disposición a través das bibliotecas dos centros específicos con docencia: Facultade de Ciencias da Comunicación da USC, e Escola Técnica Superior de Enxeñaría da USC. Con elo se compón un **corpus bibliográfico e de recursos totalmente solvente para que o alumnado encare a etapa tanto formativa coma investigadora**.

| **TÁBOA DE CENTROS E COLECCIÓNS DE FONDOS BIBLIOGRÁFICOS A DISPOSICIÓN DO ALUMNADO MPCD**<br>ANO DE REFERENCIA 2023/24 | | | |
|---|---|---|---|
| **Biblioteca da Facultade de Xeografía e Historia USC** | **Biblioteca da Facultade de Ciencias da Comunicación USC** | **Biblioteca da Escola Técnica Superior de Enxeñaría USC** | **Biblioteca da Facultade de informática UDC** |
| -Arqueoloxía<br>-Diplomática<br>-Etnografía<br>-Historia antiga<br>-Historia medieval<br>-Historia moderna<br>-Historia de América<br>-Historia contemporánea<br>-Historia da arte<br>-Historia dos medios audiovisuais<br>-Historia da música<br>-Paleografía<br>-Prehistoria<br>-Xeografía | -Antropoloxía social.<br>-Artes visuais.<br>-Cine.<br>-Comunicación corporativa.<br>-Comunicación e cultura.<br>-Dereito da comunicación.<br>-Deseño gráfico.<br>-Documentación.<br>-Fotografía e fotoxornalismo.<br>-Metodoloxía da investigación.<br>-Prensa.<br>-Psicoloxía social.<br>-Publicidade.<br>-Radio.<br>-Socioloxía.<br>-Televisión.<br>-Xornalismo electrónico e multimedia. | -Ciencias básicas (Álgebra, Geometría, Matemáticas, Física, Química).<br>-Biotecnología.<br>-Ingeniería química.<br>-Ingeniería ambiental.<br>-Informática.<br>-Inteligencia artificial. | -Informática/computación<br>-Electrónica e sistemas, tecnoloxías da información e das comunicacións<br>-Matemáticas aplicadas e estadística<br>-Intelixencia artificial e ciencia de datos. |

**Os servizos de atención ao estudante son plenamente operativos e accesibles,** desde a xestión de matrícula ata a emisión de certificados, actas, tramitación de recoñecementos ou traslados, contando coa colaboración do persoal administrativo das facultades participantes e co soporte da Secretaría Virtual da USC e da UDC. Neles os calendarios académicos e de xestión son públicos e accesíbeis, con antelación totalmente suficiente antes dos tempos de matriculación:

- Calendario USC https://www.usc.gal/es/calendario-masteres-curso-2122
- Calendario UDC https://udc.es/es/futuros_estudantes/masteres/prazos-e-datas-de-admision/
- Proceso de matriculación USC: https://www.usc.gal/es/admision/master/matricula

- Proceso de matriculación UDC: https://www.udc.es/es/sigma/matricula/

A Universidade ten cumprido cos compromisos recollidos na memoria de verificación, tanto na posta en marcha de novos servizos dixitais como na coordinación con centros externos. A integración de ferramentas de apoio ao traballo colaborativo e ao seguimento académico reforzou a calidade da docencia, especialmente nas fases non presenciais. Os servizos de orientación académica están dispoñibles desde a coordinación do máster e as facultades implicadas, axudando na elección de materias, abordaxe de dificultades de aprendizaxe e necesidades especiais. Ademais, a través da USC e do seu servizo de orientación laboral (SOUC), o estudantado ten acceso a apoio en temas de empregabilidade, prácticas e itinerarios profesionais. Para facilitar a integración do alumnado, especialmente na modalidade virtual, púxose en marcha un programa de acollida ao comezo do curso, no que se explicou o funcionamento do máster, as plataformas docentes, as normas básicas e os procedementos administrativos. Esta acción contribuíu notablemente a que o alumnado se adaptase desde o inicio ao modelo híbrido de docencia.

No ano obxecto do presente Autoinforme de seguimento, ano de implantación, non se tiveron desenvolvido de xeito práctico as PAE do título. Pero si se desenvolveron no segundo semestre do curso académico os traballos para fornecer unha oferta de prazas de **PAE** suficientes e que garantan unhas **instalacións axeitadas para a adquisición das competencias profesionais**. A selección de entidades colaboradoras coas que se desenvolveron as conversas e sinatura de convenios fíxose tendo en conta o seu perfil, a adecuación das súas funcións ao plan formativo e a súa capacidade para ofrecer un entorno formativo real e de calidade, o que reforza a empregabilidade do alumnado.

| **LISTAXE DE CENTROS E EMPRESAS CONTACTADOS PARA A OFERTA DE PRAZAS DE PAE NO MPCD**<br>Ano de referencia: 2023/24 |
|---|
| CISPAC / Universidade de Santiago |
| Abanca - Fundación |
| CINFO |
| NTT Data |
| XERCODE Media Software |
| Animatium |
| Es Possible |
| Arquivo do Reino de Galicia |
| Fundacion Dardo-Didac |
| Arquivo de Galicia - CdC |

**DIMENSIÓN 3. RESULTADOS**

**CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:**

**Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.**

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

**6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.**

Aspectos a valorar:
- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

As actividades académicas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación aplicados no máster están deseñados para garantir a adquisición progresiva e efectiva das competencias recollidas na memoria verificada. A combinación de docencia teórica, estudos de caso, proxectos colaborativos, prácticas externas e o Traballo Fin de Máster permite que o alumnado poida aplicar os coñecementos adquiridos en contextos reais, asegurando así a coherencia entre os métodos de ensinanza-aprendizaxe e os resultados formativos esperados. Para elo no ano do presente Autoinforme o MPCD desenvolveu a docencia, seguindo a memoria de validación, nos seus dous primeiro semestres, orientando a cada un deles un grado diferente de profundamento:

- Primeiro semestre: docencia de materias orbigatorias – coñecementos xeráis: Patrimonio, Tecnoloxías aplicadas, técnicas.
- Segundo semestre: docencia de materias optativas - coñecementos específicos por disciplinas, técnicas aplicadas.

A consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos ven marcada en parte pola implicación do estudiantado no avance en contidos, actividades académicas e participación. Así, a taxa de avaliación, ou relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios matriculados, é completa (IN36M).

| | 2023-24 |
|---|---|
| **Total** IN36M | **100.00** |

Os sistemas de avaliación están claramente definidos nas guías docentes e valoran de xeito equilibrado tanto a comprensión teórica como a capacidade de aplicación práctica. O desenvolvemento das guías docentes veu a sinalar certas inconsistencias identificadas pola Comisión Permanente nos traballos de uniformación das programacións, en canto aos cuantificadores dos sistemas de avaliación; así o presente autoinforme proporá unha revisión de ditos parámetros e, de ser o caso, a incorporación de modificacións non substanciais polas vías de suxestión pertinentes.

Os resultados de aprendizaxe observados neste primeiro ano confirman que o estudantado alcanza os obxectivos formativos previstos e que estes son adecuados ao nivel 3 do Marco Español de Cualificacións para a Educación

Superior (MECES). A diversidade de procedencias académicas do alumnado non impide a consolidación das competencias específicas e transversais, grazas ao deseño flexible do programa e á atención personalizada que se ofrece a través da titorización e acompañamento continuo. A superación das materias presente un 100% de aprobados, como amosa o indicador da taxa de rendemento (IN34M), así como a relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios superados polo estudantes e o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron (IN35M).

| | 2023-24 |
|---|---|
| **Total** IN34M | **100.00** |

| | 2023-24 |
|---|---|
| **Total** IN35M | **100.00** |

A análise dos resultados de aprendizaxe forma parte do proceso sistemático de revisión e mellora do plan de estudos. A través dos informes recollidos nas Sesións de Seguimento e das enquisas ao alumnado, detéctanse puntos fortes e áreas mellorables que se teñen en conta para realizar axustes na planificación docente, actualizar contidos ou mellorar a coherencia entre competencias, actividades e sistemas de avaliación. Isto demostra que o título non só garante a adquisición de competencias, senón que mantén unha dinámica de mellora continua baseada na evidencia. Cara o segundo ano de título, cumprirá considerar o seguimento dos traballos finais e prácticas.

| Criterio 6.1. | |
|---|---|
| **ACCIÓNS DE MELLORA PROPOSTAS** | |
| **Concepto** | **Contido** |
| Revisión de cuantificadores das metodoloxías docentes | Proposta de modificacións non sustanciais no caso de inconsistencias:<br>• na memoria de validación<br>• proposta de modificación no desenvolvemento das mesmas nas programacións docentes. |

## DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

### CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

**Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.**

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

**7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.**

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Os indicadores de demanda amosaron no seu primeiro ano unha incidencia enormemente positiva, especialmente se se ten en conta que se trata dunha titulación de nova creación. A difusión do máster, a súa orientación innovadora e o atractivo que supón a combinación entre patrimonio cultural e tecnoloxía están a consolidar un perfil de alumnado cada vez máis definido e motivado, con procedencias diversas e interdisciplinarias. Isto reflicte que a proposta responde a unha necesidade formativa real no ámbito académico e profesional. Para as prazas ofertadas recibíronse para o ano do presente autoinforme, 31 solicitudes de acceso.

En canto aos indicadores de resultados, saliéntase nesta primeira edición:

- os niveis de rendemento académico son elevados.
- os índices de abandono son nulos.

A análise continua destes indicadores intégrase no funcionamento do Sistema de Garantía de Calidade e contribúe de xeito directo á revisión e mellora do plan de estudos. A información obtida permite adoptar decisións fundamentadas sobre a adaptación das materias, a organización docente, as necesidades de titorización ou o reforzo de contidos específicos, garantindo así que o título se manteña actualizado e en constante proceso de mellora. Como proposta de mellora, cumprirá incentivas a participación do alumnado nas enquisas correspondentes, pois, ainda que o indicador permite marcar certa relevancia, resulta mellorable (IN48M).

| | 2023-24 |
|---|---|
| **Total** IN48M | **46.15** |

**7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.**

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Os primeiros indicadores de satisfacción recollidos entre o alumnado sinalan un grao alto de conformidade coa calidade do persoal académico, valorando especialmente a súa dispoñibilidade, preparación e implicación no desenvolvemento do proceso formativo. A satisfacción do alumnado coa docencia recibida, recollida a través das enquisas de avaliación, é globalmente moi positiva (IN46M).

| | 2023-24 |
|---|---|
| **Total** IN46M | **4.72** |

Do mesmo xeito, a implicación do profesorado, a adecuación dos contidos ás expectativas e necesidades do alumnado, así como a eficacia das metodoloxías empregadas, ofrece unha consideración positiva dos docentes cara a docencia impartida (IN47M).

| | 2023-24 |
|---|---|
| **Total** IN47M | **4.21** |

Aínda que nesta primeira edición non houbo mobilidade nin egresados, prevese incluír mecanismos de seguimento da súa satisfacción nas próximas convocatorias. A información extraída destes indicadores está a ser xa empregada para introducir melloras no desenvolvemento do título. As observacións do alumnado e do profesorado recóllense, como se dixo, a través de reunións periódicas, enquisas e mecanismos establecidos no Sistema de Garantía de Calidade. Como resultado, estanse axustando aspectos como a clarificación dos itinerarios, o reforzo de actividades prácticas, ou a mellora da accesibilidade a determinados recursos dixitais. Estes datos constitúen unha ferramenta esencial para a revisión e evolución continua do plan de estudos, asegurando que se manteña a sintonía entre as expectativas dos grupos de interese e os obxectivos da titulación.

**7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.**

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

O presente autoinforme ten coma obxecto o ano de implantación do título, polo que se carece aínda de indicadores en canto á valoración de inserción laboral no título, tanto en estudios realizados coma en indicadores.

Trátase dun máster cun perfil profesionalizante e investigador, orientado cara á innovación nun sector emerxente como é o da dixitalización cultural. A súa natureza interdisciplinaria e a implicación directa de profesionais e entidades colaboradoras facilita a empregabilidade nunha ampla gama de perfís, tanto en administracións públicas como en empresas culturais, tecnolóxicas ou de servizos. Neste sentido, o Consello de Titulación e a coordinación académica valoran de forma continua os datos dispoñibles sobre a traxectoria profesional dos egresados para introducir axustes nos contidos, metodoloxías e competencias do máster. Tamén se consideran estes indicadores para consolidar e ampliar a rede de prácticas externas, establecer vínculos con empresas do sector e axustar a oferta formativa á demanda real do mercado.

Así a Comisión Académica se marca coma obxectivos de mellora:

- Profundar nas PAE na relación do estudiantado co marco empresarial.
- Participar nas xornadas de orientación laboral que se oferten dende os centros coordinadores.

| 3.MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS | |
|---|---|
| MODIFICACIÓN | XUSTIFICACIÓN |
| | |

| 4.LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES | | | |
|---|---|---|---|
| **Criterios** | **Nº** | **Evidencia / Indicador** | **Documento/enlace** |
| Todos | E1 | Memoria Vixente do título | ACSUG |
| Todos | E2 | Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora | ACSUG |
| 1 | E3 | Análise do perfil real de ingreso/egreso | Autoinforme, Criterio 1 |
| 1,6 | E4 | Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe) | https://www.usc.gal/es/estudios/masteres/artes-humanidades/master-universitario-patrimonio-cultural-digital |
| 1,3 | E5 | Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión) | Enlace web ou PDF |
| 1 | E6 | Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos | Enlace web ou PDF(a facer pola UAXCD) |
| 1,6 | E8 | Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe | Autoinforme, Criterios 1 e 6 |
| 1,7 | I1 | Número de estudantes de novo ingreso por curso académico | 4318541_P.Ind_2024-2025 |
| | | | 4318541_INF.16_2024-2025 |
| | | | 4318541_INF.CiUG_2024-2025 |
| 1 | I2 | No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia | 4318541 _I2_2024-2025 |
| 1 | I3 | Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados) | 4318541_P.Ind_2024-2025 |
| | | | 5075_INF.03_2024-2025 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 2 | E9 | Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*") | http://www.usc.es/<br>https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia<br>https://www.usc.gal/es/estudios/masteres/artes-humanidades/master-universitario-patrimonio-cultural-digital |
| 3 | E10 | Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos) | https://www.usc.gal/es/centro/facultad-geografia-historia/calidad |
| 3 | E11 | Evidencias da implantación dos procedimientos do SGC( procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, enseñanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública) | https://www.usc.gal/es/centro/facultad-geografia-historia/calidad/documentacion-sgc |
| 3,7 | E12 | Plans de mellora derivados da implantación do SGC | https://www.usc.gal/es/centro/facultad-geografia-historia/calidad/documentacion-sgc |
| 3,7 | E13 | Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,…) | Autoinforme, Criterios 3 e 7<br>Actas o informes |
| Todos | I4 | Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título | 4318541_P.Ind_2024-2025<br>4318541_INF.04_2024-2025<br>5075_INF.05_2024-2025<br>4318541_INF.06_2024-2025<br>4318541_INF.07_2024-2025<br>4318541_INF.08_2024-2025<br>4318541_INF.09_2024-2025<br>5075_INF.10_2024-2025<br>5075_INF.11_2024-2025<br>4318541_INF.13_2024-2025<br>4318541_INF.14_2024-2025<br>5075_INF.21_2024-2025 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | | 4318541_INF.22_2024-2025 |
| | | | 4318541_INF.23_2024-2025 |
| | | | 4318541_Informe_de_indicadores_2024-2025 |
| 3 | I5 | Resultados dos indicadores que integran o SGC | 4318541_P.Ind_2024-2025 |
| | | | 4318541_Informe_de_indicadores_2024-2025 |
| 4 | E15 | Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc) | 4318541_E15_2024-2025 |
| 4 | E16 | Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado) | 5075_E16_2024-2025 |
| 4 | E17 | Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, … ) | Autoinforme, Criterio 4<br>Actas e informes |
| 4 | I6 | Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas | 5075_I6-I7_2024-2025 |
| 4 | I7 | Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas | 5075_I6-I7_2024-2025 |
| 4 | I8 | Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,… ) | 4318541_INF.13_2024-2025 |
| | | | 4318541_INF.14_2024-2025 |
| 4 | I10 | Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título) | 5075_I10_2024-2025 |
| 5 | E18 | Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título | https://www.usc.gal/es/centro/facultad-geografia-historia/equipamientos |
| 5 | E19 | Información sobre servicios de orientación académica e programas de acollida | https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia/mobilidade |
| 5 | E20 | Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares | --- |
| 5 | I11 | Distribución alumnado por centros de prácticas | Enlace web ou PDF |
| 5 | E22 | Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a | https://www.usc.gal/gl/campusvirtual |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | distancia | |
| 6 | E24 | Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación) | --- |
| 6 | E25 | Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título | 4318541_INF.15_2024-2025 |
| 6 | E26 | Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe | Autoinforme, Criterio 6<br>Actas o informes |
| 7 | E30 | Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU) | Autoinforme, Criterio 7<br>Actas o informes |
| 6,7 | I12 | Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia):<br>- Taxa de graduación<br>- Taxa de abandono<br>- Taxa de eficiencia<br>- Taxa de rendimiento<br>- Taxa de éxito<br>- Taxa de avaliación | 4318541_P.Ind_2024-2025<br>4318541_INF.17_2024-2025<br>4318541_INF.18_2024-2025<br>4318541_INF.19_2024-2025<br>4318541_ INF_SIIU_2024-2025<br>4318541_Informe_de_indicadores_2024-2025 |
| 7 | I13 | Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso | 4318541_P.Ind_2024-2025<br>4318541_INF.CiUG_2024-2025<br>4318541_Informe_de_indicadores_2024-2025 |
| 7 | I14 | Resultados de inserción laboral | 4318541_EIL-SIIU_2024-2025<br>4318541_EIL-ACSUG _2024-2025 |
| 1,4,5 | I15 | Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,….) | 4318541_P.Ind_2024-2025<br>4318541_Informe_de_indicadores_2024-2025<br>4318541_MedUSC_cursocelda |

***Ver la informacíon pública mínima que debe estar publicada en la web (se encuentra en la guia de seguimiento/acreditación, pag 35).**

Máster Interuniversitario
Patrimonio Cultural Digital

**PROPOSTAS PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DOCENTES**

**MESTRADO INTERUNIVERSITARIO EN PATRIMONIO CULTURAL DIXITAL**

O presente documento interno foi elaborado recollendo e recompilando as recomendacións feitas por:

- Comisión de Docencia e Calidade e Decanato da Facultade de Historia, Xeografía e Arte (USC)
- Propostas de mellora incorpradas nas reunións de seguimento de mestrado: reunión de 16 de outubro de 2013; reunión de 18 de decembro de 2013; reunión de 04 de abril de 2024.
- Acordos da Comisión Académica Interuniversitaria de Título (sesión de 07 de maio de 2024).

En aras dun mantemento da calidade da docencia presente, e da mellora de certas inconsistencias leves, a presente proposta recolle simplemente un compendio de cuestións a ter en conta no proceso de Elaboración das Programacións Docentes no que estamos de cara ao vindeiro curso. A seguir:

- Elaborar as programacións docentes en conxunto polos equipos docentes UCS-UDC (cando haxa), para mater a unicidade de criterios, contidos e avaliacións, lembrando que **o grupo é unico** e polo tanto o contido dos programas/guías docentes debe ser idéntico nas plataformas de ambas Universidades.

- Evitar nas programacións solapamentos temáticos no evidente, evitando incluir nelas contidos que serán obxecto xa de materias específicas do mestrado ou alo menos na xeneralidade dos conceptos (p.ex.: SIG abordado dende perspectivas particulares de cada campo, deixando a xeneralidade para a materia monográfica). Para evitar estes solapamentos, de feito, poderán axustarse e concretarse parte dos contidos especificados na memoria de título mentras se cumpran os bloques básicos.

- Incidir ou prestar atención nas programacións de xeito principal ás dimensións dixitais dos contidos relativos ao Patrimonio Cultural (conceptos, lexislación, proxectos), e ás dimensións culturais das ferramentas dixitais (virtualizacións, plataformas, ferramentas).

- Planificar as saídas de campo, no caso de producirse, facendo indicación dende agora, seguindo a indicación decanal de non permitir saídas non comunicadas neste período. Para elo ofrécese un excel no que cada grupo docente pode incorporar a notificación correspondente. Eis o enlace ao excel compartillado (e nel seguir camiño en Mestrados até este título):
  - Practicas de campo 24-25

  Neste sentido indicarase claramente nas guías das materias se vai existir a necesidade de desprazamentos nestas sesións puntuais.

- Clarificar mínimamente nas planificacións os criterios de avaliación e, de ser o caso, a presentación de traballos das materias. Principalmente:

- Traballo/s a presentar e en calquera caso metodoloxía e ponderación da cualificación das interactivas.
- Celebración ou non de exame final da materia, e en calquera caso metodoloxía e ponderación da cualificación das expositivas.

**PRINCIPIOS Y PROPUESTAS DE ORIENTACIÓN DOCENTE**

**MÁSTER INTERUNIVERSITARIO EN PATRIMONIO CULTURAL DIGITAL**

Como en otros títulos interuniversitarios, la docencia en el máster ha sido establecida desde los servicios de validación marcando un principio concreto:

> *Las actividades presenciales y telemáticas se coordinarán entre las dos universidades, de manera conjunta y única para los alumnos matriculados en cada universidad que serán dispuestos en un único grupo único sin distinciones académicas de ninguna consideración.*

Para ello la impartición general del título se ha definido desde un **espacio on-line docente único**, para un grupo de 25 estudiantes, en dos lugares enlazados de manera síncrona como aula espejo. Algo común a otros títulos.

A mayores, desde la coordinación, **se recopilan algunas** de las metodologías más comunes para garantizar tal grupo sin distinciones académicas en caso de grupos docentes de las dos Universidades. Se trata de una **breve selección a modo de propuesta** y que no ha de ser necesariamente aplicada en su conjunto ni excluye otras fórmulas que se deséen.

Dos **recomendaciones** son **especialmente obligadas**:

- Planificación única y conjunta de desarrollo docente en la impartición del programa, actividades presenciales y telemáticas. A pesar de dos aulas el grupo es uno.
- Desarrollo docente sobre un material docente único (presentaciones, etc.), y común en ambas Universidades. El modelo más sencillo puede ser: reparto de cuestiones del programa, elaboración individual, puesta en común, y uso conjunto del material docente.

Ya como **otras posibilidades de docencia** de cada ese grupo único sin distinciones académicas:

- Reparto de cuestiones del programa entre los miembros del equipo docente para su impartición en exclusiva por un/a responsable a ambas aulas enlazadas.
- O en caso de optar por una impartición particular de contenidos simultáneos en ambas, mantener siempre el enlace en videoconferencia permanente de ambas aulas durante las sesiones, aun silenciadas.
- Intervenciones síncronas en las sesiones para una puesta en común del alumnado en ambas aulas espejo: al principio, al final de las sesiones, o ambas.
- Resolución común de dudas y comentarios, aun manteniendo una atención particular atención de la docencia presencial de apoyo en cada una de las aulas espejo del grupo para el desarrollo del material didáctico.
- Realización síncrona de sesiones interactivas o de laboratorio.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA — Máster Interuniversitario Patrimonio Cultural Digital — UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**Reglamento de Trabajo de Fin de Máster**

**Máster Universitario en Patrimonio Cultural Digital**
**Aprobado por la Comisión Académica de título el 18/07/2024**

La memoria de Título del máster Interuniversitario en Patrimonio Cultural Digital, aprobada en su tiempo, contenido y forma por las instituciones y organismos competentes para ello, marca las directrices teóricas, docentes y formativas de un trabajo final del título que el presente reglamento desarrolla.

**Artículo 1. Naturaleza del TFM**

1.1. En consonancia con lo establecido en el artículo 15 del Real Decreto 1393/2007, de 29 de octubre, modificado por el Real Decreto 861/2010, de 2 de julio, las enseñanzas de máster concluirán con la elaboración y defensa de un Trabajo de Fin de Máster (en adelante TFM), suponiendo una carga de trabajo en el presente título de 15 créditos ECTS.

1.2. La presentación del TFM tiene un carácter obligatorio en el título y consistirá en la elaboración por parte de cada estudiante del título de un trabajo individual relacionado con los contenidos del máster, el cual será original e individual y que deberá ser presentado y defendido ante un tribunal de evaluación en sesión pública.

1.3. EL TFM tiene por objeto la evaluación del alumnado en la aplicación de conocimientos teóricos y/o desarrollo de procedimientos prácticos adquiridos a lo largo de su formación para elaborar un trabajo de investigación o proyecto sobre un objeto específico, de carácter original, bien fundamentado y argumentado. El trabajo presentado incluirá, como mínimo, planteamiento teórico de cuestiones y objetivos, tareas de búsqueda y revisión bibliográfica, integración de información, y planteamiento del desarrollo de temas, cuestiones o proyectos, elaboración y redacción del trabajo, presentación del mismo y defensa.

1.4. La realización y defensa del TFM se regirá por las normativas sobre estudios de máster que existan en cada una de las universidades participantes en el Máster, la Universidade da Coruña (UDC) y la Universidade de Santiago de Compostela (USC), y por el presente reglamento, aprobado por la Comisión de Título del Máster en Patrimonio Cultural Digital en su reunión del día 18 de julio de 2024, y en sus precisiones por la Comisión Permanente en 25 de julio de 2024.

1.5. El TFM no podrá ser presentado ni defendido hasta haber superado todos los créditos preceptivos restantes para la obtención del título: todas las materias de curso obligatorio, y las elegidas por el alumno/a correspondientes al conjunto de créditos optativos.

**Artículo 2. Responsabilidad de aplicación y órganos de gestión del TFM**

Máster Interuniversitario
Patrimonio Cultural Digital




# I XORNADA E PITCH
# PATRIMONIOS CULTURAIS – OLLADAS DIXITAIS

**Presentación de propostas 2024**
**Mestrado Interuniversitario en Patrimonio Cultural Dixital**

Facultade de Historia, Xeografía e Arte
Luns 13 maio, Aula 8, 10:30 – 13:00

## CADERNO DE RESUMOS E PROGRAMA



10:30. Apertura. Xosé M. Sánchez (coordinador máster Patrimonio Cultural Digital)

10:45. *Un viaje a la antigüedad a través de la Via Nova.* José Manuel Blanco Núñez (josemanuel.blanco0@rai.usc.gal)

Resumen: En el marco de la dinamización de la cultura en el rural gallego, se propone la creación de un itinerario cultural a lo largo de la antigua calzada romana Via Nova en su paso por la provincia de Ourense, con el fin de atraer la atención tanto de lugareños como de visitantes. El proyecto recogería aquellos puntos de interés actualmente habilitados para la visita (yacimientos, centros de interpretación, obras de ingeniería…) con la idea de aumentar su visibilidad y potenciar su oferta (mejora de la accesibilidad, creación de recursos digitales para su puesta en valor…). Por otro lado, el proyecto buscaría fomentar la adhesión de otros potenciales espacios que actualmente no están musealizados, como algunos castros o ciertos tramos de la calzada en buen

USC Universidade de Santiago de Compostela · CRUSOE · Universidade da Coruña